

ACTA PRIMEIRA REUNIÓN DO XURADO  
UNDÉCIMO PREMIO AUDITORIO DE GALICIA PARA NOVOS ARTISTAS 2019

En Santiago de Compostela, luns 13 de maio de 2019, ás 10:00 h. reúnen-se os membros do xurado do Undécimo premio Auditorio de Galicia para novos artistas 2019, Anne Heyvaert, coordinadora do Master en Arte Contemporánea, Creación e Investigación Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Santiago Olmo, director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), Miguel Anxo Rodríguez, profesor de Historia da Arte da USC e Branca Novo Rei, concelleira de Acción Cultural que actúa como presidenta do xurado –por delegación do Presidente do Consello Reitor do Auditorio de Galicia–; e Dna M<sup>a</sup> Jesús Busto Castiñeiras, por delegación do Director-xerente do Auditorio de Galicia, como secretaria, con voz e sen voto.

Desculpa a súa ausencia María Marco Covelo, que é substituída para formar parte do xurado por Xaquín López, Director-xerente do Auditorio de Galicia o que fai constar a Sra. Presidenta do xurado ao comezo desta sesión.

Despois do estudio dos 109 dosieres presentados e da votación dos membros do xurado, este decide por unanimidade, seleccionar para a exposición a obra dos seguintes artistas: Aitor-Víctor, Ari, Amine Asselman, Pablo Barreiro, Daniel Berges Visanzay, Rut Briones & Raquel Durán, Teresa Búa, Samuel Castro, David Catá, Charlito, Marcos Covela, Marcos Covelo, Roi Domínguez, Iago Eireos Franco, Yatir Fernández, Basilisa Fiestras, Sara Fuentes, María Gar, Julia Huete, Tania Lameiro, Rebeca Lar, Joan Morera, Sol Mussa, Myrce, Marta Pereira Fernández, Ana Pérez Ventura, Lara Pintos, Sabela Porto, Mar Ramón Soriano, Brais Rodríguez, José Andrés Santiago, Borja Santomé, Carla Souto, Dennise Vacarello e Diego Vites.

O xurado decide non valorar os dosieres das / dos participantes Amaya González Reyes, Marco Moreira, Javier Fernández Pérez de Lis e Fran Riveiro, por non cumprir o punto 2 das bases da convocatoria (Participantes), onde se indica 'Poderán participar artistas que (...) sexan menores de 40 anos a 31 de decembro de 2019'.

As obras premiadas serán escollidas nunha nova convocatoria deste xurado, cando estas sexan presentadas no Auditorio de Galicia, en data e hora por determinar. Os premios faranse públicos e serán outorgados durante o acto de inauguración da mostra en xullo de 2019.

Sen máis asuntos que tratar, ás 18.55 horas a Presidenta levanta a sesión, da que, como Secretaria, extendo, co visto bo do Presidente, este acta.

Vº. Bº.



A Presidenta



A Secretaria